

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO CORGO, DO DÍA 1 DE MARZO DE 2016.

PRESIDENTE:

D. José Antonio Ferreiro González.

(PP)

CONCELLEIROS:

ASISTENTES:

D. Felipe Labrada Reija (PP)

D. Marcos TrashorrasReija (PP)

D^a M^a del Mar Gómez Gómez (PP)

D^a. M^a JesúsAlvarez Fole (PP)

D. Javier Cerqueiro González (PSOE)

D. JesúsSeijas Abuín (PSOE)

D^a Marta López Abeledo (PSOE)

D. Mario Outeiro Iglesias (BNG)

D^a María Abuín Sanfiz (BNG)

D. Francisco Javier Vila Núñez (DIC)

No salón de sesións do Concello do Corgo, ás 13:30 horas do día 1 de marzo de 2016 reúnese o Pleno do Concello co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

Preside o acto o Sr. alcalde D. José Antonio Ferreiro González e asisten os concelleiros que se relacionan á marxe.

Da fe do acto o Secretario, D. Marco A. García-GabilánSangil

SECRETARIO:

D. Marco Antonio García-Gabilán Sangil

1. Lectura e aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, celebrada o día 28 de xaneiro de 2015.

2.-Acordo de aprobación da proposta de obras a incluír na solicitude de subvención do Plan Marco: mellora de camiños de explotacións agrarias 2016.

O alcalde dá conta do ditame da comisión permanente de Economía e Facenda celebrada o 25 de febreiro de 2016, que literalmente di:

"A Resolución do 25 de xaneiro de 2016 da Consellería de Medio Rural pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado con Feader ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

Neste contexto o programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 preve na ficha correspondente á submedida 4.3 o apoio a investimentos en infraestruturas destinados ó desenvolvemento, modernización ou adaptación da agricultura e a silvicultura.

Específicamente, contempla a promoción dos investimentos en infraestruturas relacionadas coa explotación e en particular, a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade ás explotacións agrarias, incidindo directamente en mellorar os resultados económicos de tódalas explotacións e facilitar a súa reestruturación e modernización, en particular co obxecto de incrementar a súa participación e orientación cara o mercado, así como a diversificación agrícola.

O obxecto desta resolución é aprobar o Plan Marco: mellora de camiños de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Na referida resolución figura a listaxe de concellos beneficiados coas correspondentes asignacións dacordo cos criterios de distribución distinguidos na resolución, ó concello do Corgo asignanlle a cantidade 91.529,00€ sen iva.

Con carácter xeral, son subvencionables os investimentos necesarios para as obras de mellora, mantemento e ampliación da rede via existente.

Non serán subvencionables en ningún caso:

- O imposto de valor engadido*
- Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de alumeado, abastecemento e saneamento de augas fecais.*
- Os gastos de redacción de proxecto nin os estudos necesarios para a súa redacción*
- Os gastos de dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou outros servizos complementarios.*
- Gastos de licenzas necesarios*
- Con carácter xeral, os gastos de obra das actuacións que non fosen aprobadas por agader.*
- O panel de obra.*

Ao abeiro desta resolución, e encadrado nas liñas anteriormente citadas, preténdese levar a cabo as seguintes actuacións, solicitude:

- Mellora dos accesos a Manán San Cosme- Hospital- Rego.*
- Mellora do camiño do Piñeiro ata a estrada provincial*
- Mellora do camiño de Sabarei – Farnadeiros a Sabarei*
- Mellora de camiño Arxemil - Segovia*

Tódalas actuacións deben cumprir os requisitos establecidos na resolución do 25 de xaneiro de 2016.

En consecuencia, propoño:

1.- Participar no plan Marco; Melloras de camiños de acceso a explotacións agrarias 2016.

2.- Presentar solicitude para acollerse as axudas previstas no referido Plan Marco para a mellora de camiños descrito no proxecto.

Incluir na solicitude do Plan Marco as seguintes actuacións nos camiños de titularidade municipal:

- *Mellora dos accesos a Manán San Cosme- Hospital- Rego.*
- *Mellora do camiño do Piñeiro ata a estrada provincial*
- *Mellora do camiño de Farnadeiros a Sabarei*
- *Mellora de camiño Arxemil – Segovia*

2.-Para o caso de que a subvención fora concedida, no seu día, o Pleno aprobará a correspondente modificación de créditos para financiar a parte non subvencionada, e os custos derivados do control da calidade das obras, obriga establecida na resolución. "

Tras breve debate, a Comisión, en votación ordinaria e por unanimidade, dictamina favorablemente a proposta anterior, substituindo a obra de Piñeiro ata a estrada provincial pola de rexeneración de Queizán ao límite co concello de Castroverde polo muiño de Andrés."

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1. Aprobar o ditame da Comisión permanente de Economía e Facenda celebrada o 25 de febreiro de 2016, o abeiro da Resolución do 25 de xaneiro de 2016 da Consellería de Medio Rural pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado con Feader ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

2. Participar no Plan Marco de unha axuda de 91.529,00 €, ao abeiro da Resolución de 25 de marzo, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020 da Consellería de Medio Rural, incluíndo as seguintes actuacións de Mellora e mantemento de accesos:

- 1.Sabarei de Arriba – Revolta.

2. Crta Farnadeiros – Sabarei.
3. O Novo – Lu-546 – Manan de San Cosme – Hospital
4. De C. M. 014-039 (N VI – Vilaceleiro) a Segovia
5. De Queizán de Abaixo aos Muiños (de Queizán ao límite co concello de Castroverde polo muiño de Andrés.

3. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.

4. Para o caso de que a subvención fora concedida, no seu día, o Pleno aprobará a correspondente modificación de créditos para financiar a parte non subvencionada.

Non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión ás catorce horas e dez minutos, redactándose a presente acta. Dou fe.